

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESAS GALEGAS DE SOFTWARE LIBRE PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN, CAPACITACIÓN E PROMOCIÓN DO SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS E O USO DE ESTÁNDARES ABERTOS EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,
DECLARA:

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar coa Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (Agasol) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do Convenio ata o 31/12/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento da realización de actuacións de formación, capacitación e promoción do Software Libre e de Fontes Abertas e o uso de Estándares Abertos en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, que no seu artigo 6 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da



información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra parte, a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre é unha asociación de empresas galegas de software libre que pretende exercer como interlocutores dun sector en fase expansiva en Galicia e, ao tempo, promocionar un modelo de Sociedade do Coñecemento no que resulta clave a liberdade para mellorar os programas informáticos e facer públicos e accesibles eses progresos.

A achega económica da Amtega ao abeiro do convenio que se pretende formalizar ten un carácter de interese público, e contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías das comunicacións entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.
- Promover á igualdade de xénero no sector das TIC.

É evidente pois, que a achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrencia pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos



artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

